



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

#### **ASISTENTES**

##### ***PRESIDENTE***

D. Gerardo Zugasti Enrique ( xefe territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar )

##### ***VOGAIS***

D. Víctor Abelleira Argibay  
(representante do Colexio de Avogados da provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia )

Dna. Lorena Peiteado Pérez (letrada da Xunta de Galicia)

##### ***SECRETARIA***

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo  
(funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo da xefatura )

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 01/04/2013, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese no 2º andar do Edificio Administrativo situado no nº 43 da rúa Fernández Ladreda, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre o recurso de reposición presentado Jose Manuel Piñeiro Domínguez, en calidade de presidente da CMVMC de Picoña contra a resolución de clasificación do monte denominado “Laxe ou Curuxeiras” a favor da CMVMC de Picoña ( Salceda de Caselas).

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Con data de entrada 23 de xaneiro de 2012, don JOSÉ PIÑEIRO DOMÍNGUEZ , actuando en calidade de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de a Parroquia de A Picoña, Concello de Salceda de Caselas, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “ LAXE –AS CORUXEIRAS ”, como veciñal en man común a favor CMVMC que representa, acompañando diversa documentación consistente en: informe pericial realizado por técnico competente e documentación topográfica.



**SEGUNDO:** O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, unha vez cumpridos os trámites pertinentes, en sesión de 16 de abril de 2012, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte.

**TERCEIRO:** De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais con data 17 abril de 2012, que é recibido polo Xurado de Montes con data 10 de maio de 2012, no que se fai constar, entre outros aspectos relevantes, que *a parcela presenta unha forte pendiente orientada a saliente, que descende ata a ribeira do río Caselas(...), presenta signos de haber sufrido un incendio recentemente. (...) Non se observan signos de aproveitamentos recentes nin tratamentos sobre o arbolado. Non se aporta información documentada que avale o uso común e continuado da parcela*".

**CUARTO:** O Rexistro da Propiedade de Tui certifica con data 21 de maio de 2012 que o monte solicitado non figura inscrito a nome de persoa algunha.

**QUINTO:** Unha vez feitas de xeito legal as comunicacións a todos os interesados e rematado o prazo de exposición no taboleiro de Edictos do Concello de Salceda de Caselas non consta a presentación de ningunha alegación en contra da clasificación solicitada pola CMVMC de Picoña respecto dos montes obxecto do presente expediente.

**SEXTO:** Á vista da documentación aportada polo solicitante e o Informe do Servizo de Montes, os monte obxecto do presente expediente obedecen a seguinte descrición:

**Cabida:** 2.200 metros cuadrados aprox. (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**norte:** Propiedade privada de don Carlos Carballido Rodríguez

**sur:** MVMC da Parroquia de Salceda

**leste:** paseo fluvial do río Caselas

**oeste:** MVMC da Parroquia de San Jorge



**SETIMO:** Analizados todos os antecedentes descritos, e sobre todo, o informe emitido polo Servizo de Montes, xunto coa documentación presentada pola CMVMC solicitante, o Xurado de Montes, con data 19 de novembro de 2012, acordou a NON CLASIFICACIÓN do “Monte Laxe ou Curuxeiras”, por considerar que non quedaba suficientemente acreditado o uso ou aproveitamento consuetudinario sobre a parcela afectada, tal e como legalmente se esixe.

**OITAVO:** Contra esta resolución, a CMVMC de Picoña, interpuxo o correspondente recurso de reposición, con data de rexistro de entrada 18 de xaneiro de 2013, no que en esencia se alega o seguinte:

- **a.-** Que todos os veciños da comunidade, lindeiros da parcela así como os traballadores da comunidade recoñecen e poden acreditar o uso consuetudinario e tradicional do monte dende tempos inmemoriais.
- **b.-** Que o propio Concello de Salceda de Caselas recoñece a parcela como comunal así como que se levan realizando labores sobre a mesmo de xeito inmemorial.
- **c.-** Que non houbo ningunha reclamación de posibles interesados durante o tempo de exposición pública.

Como acreditación de tales afirmacións, a recorrente aporta documentación consistente en:

- ❖ Declaración do Concello de Salceda de Caselas de data 17 de xaneiro de 2013 onde de xeito literal se recolle : *“Que a CMVMC da Parroquia de Picoña e os seus comuneiros levan realizando tarefas de aproveitamento, silvícolas e de mantemento forestal desta parcela dende a constitución da Xunta Rectora. Que o Concello de Salceda de Caselas ven recoñecendo esta realidade”*.
- ❖ Declaracións xuradas de veciños sobre o aproveitamento consuetudinario e inmemorial sobre a parcela obxecto de clasificación.
- ❖ Contratos de traballadores que prestaron servizos para a CMVMC da Picoña na parcela de referencia.
- ❖ Fotografía na que se aprecia a realización de traballos de desbroce e limpeza sobre unha parcela que a CMVMC afirma ser o “Monte Laxe ou Curuxeiras”, de data 14/1/2013.



Tomando en consideración os datos obrantes xa no expediente administrativo de clasificación así como as alegacións e novos documentos aportados pola adversa co seu recurso de reposición, emítase a seguinte resolución con base nos seguintes fundamentos de dereito:

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Iº).-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para entrar a coñecer e resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as súas resolucións de acordo co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992 así como no artigo 12 da Lei 13/1989.

IIº).- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto de contrario por concorrer nel os requisitos e esixencias previstos no artigo 117.1 da Lei 30/92.

IIº).- Como xa quedou posto de manifesto na exposición dos antecedentes de feito da presente resolución, o motivo polo cal o Xurado de Montes acordou, na súa reunión de data 19/11/2012, a non clasificación do Monte Laxe ou Curuxeiras a favor da recorrente foi por entender que “... *NON queda acreditado de xeito suficiente o aproveitamento consuetudinario con carácter exclusivo sobre as parcelas respecto das cales se solicita a clasificación, sen que conste ningún escrito presentado pola propia comunidade interesada neste sentido* .

*De feito, a pretensión de clasificación que se articula pola CMVMC de Picoña susténtase unicamente no informe pericial, axunto coa solicitude inicial de clasificación, elaborado por don Julio Piñeiro Barros, no que se ben se fai referencia a unha serie de supostos usos e aproveitamentos tradicionais, tales como a recollida de leña, matorral, toxo para uso gandeiro así como outras mais recentes, como actividades de carácter lúdico (paseo e “contemplación de paisaxe”), non se aporta nin un so documento ou medio de proba válido que sirva de sustento a tales afirmacións, nin tan sequera existe unha declaración xurada dos veciños ao respecto.”*



Conclusión a anterior, que no seu momento, e tendo en conta a práctica ausencia de proba practicada de contrario en orde a evidenciar a existencia de aproveitamento común sobre a parcela de referencia, había que considerala conforme a dereito por imperativo do disposto no artigo 1 do Decreto 240/1992 de 4 de setembro e o artigo 20 da nova Lei de Montes de Galicia, 7/2012 de 28 de xuño, onde se define como monte veciñal en man común:

Artículo 1.

*Son montes vecinales en mano común y se regirán por esta Ley los que, con independencia de su origen, sus posibilidades productivas, su aprovechamiento actual y su vocación agraria, pertenezcan a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas, y se vengán aprovechando consuetudinariamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los miembros de aquellas en su condición de vecinos.*

Así pois, de acordo coa propia dicción literal deste artigo e a prolixa xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en cuestión é a circunstancia de terse acreditado de forma sólida e fehaciente o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestión relativas á titularidade dominical e demais dereitos reais, requisito que se entendeu non cumprido polo Xurado de Montes no seu día ante a falta de proba.

Non obstante, e á vista da documentación que agora se aporta co recurso de reposición, consistente entre outras, nunha declaración do propio Concello de Salceda de Caselas recoñecido o uso e aproveitamento consuetudinario da CMVMC da Picoña sobre o monte Laxe-Curuxeiras, así como a declaración xurada dunha pluralidade de veciños ou os contratos de traballo de persoas que prestaron servizos para a comunidade na parcela interesada, a conclusión á que esta parte chega ha de ser diferente, toda vez que tales documentos poden considerarse como soporte suficiente para informar favorablemente a clasificación interesada e deixar sen efecto a resolución ditada no seu día denegando a mesma, sen que poida tomarse en consideración, sen embargo, a fotografía aportada por ser data moi recente e posterior á resolución denegatoria da clasificación.




A todo o anterior debe engadirse como un argumento a favor da pretensión esgrimida pola CMVMC da Picoña, como ben se recolle no propio recurso de reposición, que non existe alegación algunha en contra doutros posibles interesados na parcela en relación coa clasificación solicitada, o que unido á nova documentación aportada, debe levarnos a estimar o presente recurso de reposición.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón, e o Xurado por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

**A ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN** presentado pola CMVMC da Picoña contra a resolución denegatoria da clasificación ditada polo Xurado de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, de data 19/11/2012, coa conseguinte revogación da mesma. Deste xeito, acordase a clasificación do denominado monte "Laxe ou Curuxeiras" a prol dos veciños da CMVMC de Picoña (Salceda de Caselas), de acordo cos lindes e cabida reflectidos no antecedente de feito sexto, e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución


Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





536800  
4662800

536850  
4662800



COORDENADAS U.T.M.		
PUNTO	X	Y
1	536764.1974	4662719.8415
2	536733.9088	4662787.8689
3	536750.0714	4662805.7408
4	536751.386	4662807.1944
5	536753.8233	4662799.775
6	536755.1471	4662796.8974
7	536757.7532	4662793.3802
8	536760.1755	4662789.1869
9	536763.9276	4662785.7681
10	536767.4839	4662781.5682
11	536769.3827	4662778.8388
12	536770.0776	4662776.094
13	536775.8197	4662769.2788
14	536780.0346	4662766.4091
15	536785.0004	4662760.5046
16	536785.5569	4662758.8648
17	536784.8326	4662753.5186
18	536784.8522	4662748.3046
19	536785.2534	4662744.2407
20	536787.7201	4662736.9392

536800  
4662750

536850  
4662750

SUPERFICIE= 2.220 m2



Abril - 2013  
ESCALA : 1/400  
Nº de plano:  
1 de 1.

MONTE "LAXE OU CURUXEIRAS"  
CMVMC DE PICOÑA. CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL  
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA